

ELEMENTOS E TÉCNICAS

A linguaxe plástica

Na arte o conxunto de elementos e técnicas é enorme e por iso nos referiremos aos medios de expresión máis notables. Tales son: **Arquitectura, Escultura e Pintura.**

ARQUITECTURA

O feito arquitectónico é a creación de espazos interiores que resulten confortables e axeitados ao uso ao que se destinan. A elaboración destes espazos internos só presenta unha verdadeira dificultade técnica: a cobertura superior. Toda a historia técnica da Arquitectura é a historia dos sistemas de cubrimento, é dicir, dos elementos sostidos.

Elementos sustentates


Muros. Nos aspectos sólidos dos muros o máis interesante é destacar a forma de estar aparelados os elementos que os constitúen. O aparello pode ser regular ou irregular


Portas e ventás. Nelas o elemento diferencial o constitúe a parte baixa que nas portas denomínase *umbral*, e nas ventás *alféizar*.

Piares. Son elementos sustentantes verticais de sección poligonal, sendo o cadrado a súa sección básica. O pilar complícase na Idade Media ao complicarse as cubertas. É frecuente que o pilar teña nos extremos os mesmos elementos que a columna, é dicir, *basa* e *capitel*.


Columnas. Son elementos sustentantes verticais de sección curva, xeralmente circular. En Occidente a columna é esencialmente mediterránea e coidanse as proporcións na súa elaboración case coma nunha escultura.

Elementos sostidos.





Dintel. É todo elemento sostido de carácter horizontal y construído dunha soa peza. Isto quere dicir que a flexión debe ser mínima e que os empurres que faga sobre os elementos sustentantes deben rexistrarse segundo vectores verticais. A característica principal da




arquitectura que utiliza esta solución é a de resultar eminentemente estática. Así ocorre en Exipto, en Grecia e en certas obras romanas.

Na arquitectura clásica denomínase *entablamento* a todo o que se atope sobre as columnas. As súas partes características, *dintel*, *friso*, *cornisa* e *frontón*, mantéñense en todos os estilos.




A arquitectura adintelada soe ir rematada en tellados a dúas ou máis vertentes. O elemento fundamental desas cubertas son as cerchas ou coitelos, armadura triangular que repetida cada certo espazo, cubre todo o teito. No mediterráneo a cercha orixina o frontón que é o gran marco das estatuas gregas.




cercha

Arco. É un elemento sostido de configuración xeralmente curva, constituído por varias pezas, chamadas *dovelas*, que encaixan en forma de cuña. A forma converxente das dovelas impide que estas se caigan, co que o vector vertical do peso desaparece. O feito de que os empurres sexan oblícuos supón unha profunda revolución da historia da enxeñería construtiva, xa que para evitar que se derruben os muros recurrírase a xeniais solucións que modificarán radicalmente os elementos sustentantes. O arco orixina dúas cubertas características: a *bóveda* e a *cúpula*. A primeira pode considerarse nacida por un arco que segue movemento de traslación.

BÓVEDAS





De medio cañón
con estribos o contrafuertes exteriores



De medio cañón
reforzado por arcos fajones o perpiaños


A outra cuberta orixinada polo arco é a cúpula. Se considera creada polo movemento rotatorio dun arco.

Cúpula sobre pechinas



A ESCULTURA


A escultura atende principalmente a os volumes externos. A percepción da mesma require moitos puntos de vista, polo que é esencial considerar o espazo externo como ámbito que condiciona a obra escultórica. A obra escultórica pode facerse de dous modos opostos. O primeiro consiste en ir **engadindo** materia sobre unha armadura mínima. Tal é o caso do modelado en arcilla. O outro método consiste en partir dun bloque compacto. A escultura xa está aí, e só hai que **quitar** o que sobre.



Escultura de Robert Müller, baleirado de bronce

A obra realizada por un destes métodos pode variar de material grazas á técnica do **baleirado**, que non consiste máis que en obter un molde da obra e con el reproducir a mesma unha ou varias veces nun material que poida obterse en estado líquido e que despois termine fraguando e endurecendo (cera, escaiola, cemento, metal fundido, plásticos, etc).

Un aspecto interesantísimo de toda a escultura o ofrece o seu acabado final. Este pode variar dende pulido ata a policromía, pero en calquera caso nunca será accesorio senón un compoñente integral do feito escultórico sen o cal non pode entenderse a obra creada nin ao seu creador.



Louisa Nevelson , madeira engadida

A PINTURA


A pintura é , ante todo, cor. Xeralmente desenvólvese nun plano, e en Occidente é frecuente que aparente a terceira dimensión grazas aos artificios da *perspectiva* e o *claroescuro*. A maioría de procedementos elabóranse engadindo un elemento denominado *aglutinante* , ao *pigmento* ou a cor en polvo.

O **fresco** realízase estando o revoco do muro húmido. Este revoco contén cal apagada e area. A pintura aplícase misturada con auga de cal, o que facilita a súa integración no muro. Ao secar é tremendamente resistente.

A **acuarela** non emprega o branco como pigmento. Todas as cores deben transparentar máis ou menos o papel, o que proporciona ao procedemento unha gran luminosidade só aventallado nas vidrieiras. Para estender a cor utilízase exclusivamente auga, polo que seca rápidamente; isto obriga a unha técnica rápida, solta, que lle da un aspecto inconfundible e moi persoal.



Miguel Ángel. Pintura al fresco



William Turner. Acuarela

A **témpera** utiliza a auga como axuda para estender a cor, pero a diferenza da acuarela, utiliza o pigmento branco. As cores son opacas e algo apagadas, pero unha cor clara pode aplicarse sobre unha escura, o que non é posible na acuarela.

O **temple**, ao utilizar o ovo, é máis brillante e lento de secar. No século XV se lle engade aceite.

O **óleo** é o procedemento máis lento en secar dos coñecidos; iso permite un traballo sosegado e que pode interromperse sempre que se queira, sen perxuízo da obra. A bondade do procedemento faino converterse case en exclusivo a partir do século XVI